

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós

### **ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D. Óscar A. García Patiño  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e sete minutos do día quince de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do alcalde en funcións D. Juan González Leirós, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño e a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Proposta de adxudicación do lote 1 Instalación eléctrica temporal do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023” a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL” no prezo ofertado de 15.619,83 euros sen IVE, 18.899,99 € euros IVE incluído. Expte: 2022/C005/000013**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de setembro de 2022 (CVD: hHjZpBFSGGZSWwFA4g7Z) relativa á adxudicación do lote 1 Instalación eléctrica temporal do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023” a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL” no prezo ofertado de 15.619,83 euros sen IVE, 18.899,99 € euros IVE incluído. Expte: 2022/C005/000013, que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C005/000013 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (oferta económica),

do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023”, integrado por dous lotes cun valor estimado de 36.248,61 euros e un orzamento base de licitación de 16.476,64 euros sen IVE, 19.936,74 euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para cada un dos lotes do contrato que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente expediente, reunido con data 7 de setembro de 2022, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL”.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental (CVD: GLjXOwAVv5WkPMgds0j3), que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 365/2022 emitido polo interventor municipal (CVD: CwxsxoG+pjhKwjYgqCt/).

Á vista do establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL (lote 1)
- I2C Inspecciones SL (lote 2)

**Segundo:** De conformidade coa proposta formulada con data 6 de setembro de 2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración da proposición presentada polo licitador admitido no lote 1, tendo en conta o único criterio de valoración establecido na cláusula 12 do PCAP, (oferta económica):

LICITADORES	LOTE	PRECIO SIN IVA	IVA 21%	PRECIO TOTAL	PUNTOS
INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L	1	15.619,83 €	3.280,16 €	18.899,99 €	100

**Terceiro:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 6 de setembro de 2022, adxudicar o **lote 1 Instalación eléctrica temporal** do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023” a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL” con NIF B15025661 no prezo ofertado de 15.619,83 euros sen IVE, 18.899,99 € euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada e admitida no lote 1, obtendo a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación establecido na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

**Cuarto:** De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Quinto:** Designar como responsable do contrato a Ignacio Fernández Díaz, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sexto:** Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sétimo:** Notificar ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de setembro de 2022 (CVD: hHjZpBFSGGZSWwFA4g7Z), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo